



PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Este concello pretende a aprobación dunha nova ordenanza municipal reguladora da taxa polo uso das instalacións municipais deportivas.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns na elaboración da ordenanza e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, substánciase unha consulta pública previa para solicitar a opinión dos cidadáns e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola mesma, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

No presente caso considérase unha duración de dez días hábiles para que se presenten as opinións a que fai referencia o artigo 133 da mencionada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente,

DISPOÑO

PRIMEIRO.- Incoar expediente para a tramitación e aprobación da Ordenanza municipal reguladora da taxa polo uso das instalacións municipais deportivas que substitúa a ata agora vixente.

SEGUNDO.- Someter a consulta pública, durante un prazo de dez días hábiles previa á elaboración da ordenanza citada, a seguinte

MEMORIA

a) Antecedentes:

A actual Ordenanza Municipal reguladora da taxa pola utilización de instalacións e prestación de actividades deportivas é do ano 2013, polo que se considera necesario proceder á súa actualización e adaptación normativa así como a introducción de melloras que a aplicación de toda norma pon de manifesto co paso do tempo e a implementación práctica desta.

b) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

Coa aprobación da nova ordenanza preténdese a actualización da vixente, revisando contías, supostos de aplicación, bonificacións e todos aqueles aspectos que se consideren necesarios ou de interese.

c) Necesidade e oportunidade da súa aprobación:

A aprobación da presente Ordenanza Municipal é necesaria, conveniente e oportuna dada a antigüidade da normativa municipal sobre esta cuestión e a indubable necesidade de adaptala á normativa e ás circunstancias actuais.

d) Obxectivos da norma:

Regulación da taxa polo uso de instalacións e prestación de actividades deportivas, procedendo á súa revisión completa.



e) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:

Non se detectaron solucións alternativas regulatorias ou non regulatorias que poidan substituír os efectos da ordenanza que se pretenden establecer.

TERCEIRO.-- Publicar a presente consulta no taboleiro de anuncios deste Concello e no seu sitio web para que cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións a través do rexistro.

CUARTO.- Que se redacte Ordenanza municipal reguladora da taxa polo uso das instalacións municipais deportivas do Concello de Cedeira e se emitan os informes correspondentes .

Cedeira, asinado dixitalmente
O Alcalde

Pablo Diego Moreda Gil